

DULCE M<sup>a</sup> GARCÍA MELLA, SECRETARIA XERAL DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA,

CERTIFICA, antes da aprobación da acta correspondente, que o Consello de Goberno na sesión ordinaria que tivo lugar o día 26 de xaneiro de 2023 acordou ratificar o Regulamento de réxime interno da Facultade de Xeografía e Historia, nos termos do documento adxunto.

E para que así conste, asino a presente certificación en Santiago de Compostela, co V<sup>o</sup> e Prace do sr. reitor.

V<sup>o</sup> e prace

O reitor

Antonio López Díaz

Documento asinado dixitalmente conforme a Lei 39/2015 de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE nº 236 do 2 de outubro de 2015).

# REGULAMENTO DE RÉXIME INTERNO DA FACULTADE DE XEOGRAFÍA E HISTORIA

Aprobado pola Xunta de Facultade do 18 de xaneiro de 2023

Aprobado polo Consello de Goberno 26 de xaneiro de 2023

## Preámbulo

A Xunta de Facultade de Xeografía e Historia, por mor do establecido no artigo 96 dos Estatutos da Universidade de Santiago de Compostela, rexerá o seu funcionamento de acordo co presente Regulamento.

A Xunta de Facultade enténdese como un lugar de integración dos distintos sectores do centro en tanto que constitúe o seu máximo órgano de goberno, que velará polo exercicio e cumprimento dos dereitos e deberes de todos os seus membros, procurará evitar a discriminación das minorías e favorecerá, mediante a participación igualitaria e libre de todos os seus membros, a resolución dos conflitos a través do diálogo.

A Facultade de Xeografía e Historia, como centro público encargado da elaboración e transmisión á sociedade do coñecemento nos campos da Historia, a Historia da Arte e a Xeografía, fai seus os obxectivos de desenvolvemento sostible definidos pola ONU en 2015 e asumidos como propios pola Unión Europea. Enténdese que aspectos substantivos deses obxectivos intégranse nos estudos propios da Facultade, que velará especialmente polo seu cumprimento.

Os órganos de goberno desta Facultade, na procura dunha vinculación máis real coa situación social e cultural de Galicia, da Península Ibérica, de Europa e do resto do mundo, entenden como unha das súas obrigas a defensa e fomento de cantas actividades potencien o coñecemento e toma de conciencia dos valores culturais e dos caracteres que lle son propios como tal comunidade. En consecuencia do devandito, e dentro do proceso de normalización plena da lingua galega, asumen o uso do idioma galego en todas as súas manifestacións oficiais.

## CAPÍTULO I. OS ÓRGANOS DE GOBERNO DA FACULTADE

### Artigo 1

Son órganos de goberno e administración da Facultade:

1. A Xunta de Facultade
2. O/a decano/a
3. O/a vicedecano/a ou vicedecanos/as
4. O/a secretario/a

## CAPÍTULO II. DA XUNTA DE FACULTADE

### Artigo 2

A Xunta de Facultade é o órgano colexiado de goberno do centro, aproba as liñas xerais de actuación no ámbito da Facultade e supervisa o labor dos seus órganos de dirección e xestión.

## CAPÍTULO III. DA COMPOSICIÓN DA XUNTA DE FACULTADE

### Artigo 3

A Xunta de Facultade estará composta por:

1. O/a decano/a, que a convocará e presidirá.
2. Os/as vicedecanos/as.
3. O/a secretario/a, que o será tamén da Xunta.
4. O/a responsable da unidade de apoio á xestión de centros e departamentos.
5. O/a director/a da biblioteca do centro.
6. O seguinte persoal docente e investigador e persoal investigador en formación con docencia no centro e censado nel, así como o non censado que teña neste un encargo docente igual ou superior ao 35% da capacidade docente dun/dunha profesor/a tempo completo:
  - a. Todo o profesorado con vinculación permanente á Universidade, que representará o 51%.
  - b. O resto, sempre que non exceda o 10% do total da Xunta.
7. Unha representación do estudantado do 32%, na que pode chegar a ser, de acordo co artigo 95.2b dos Estatutos da USC, ata un 10% desta representación de estudantes de mestrados e/ou posgraos.
8. Unha representación do persoal de administración e servizos censado no centro, nunha proporción do 7% do total da Xunta, cun mínimo de dous.

O persoal docente e investigador e o estudantado estarán censados soamente nun centro desta universidade, nas condicións que estableza o Consello de Goberno.

### Artigo 4

Todos/as os/as representantes elixidos/as serano por dous anos, agás no caso do estudantado, que o serán por un ano. A condición de membro da Xunta perderase ao cesar a vinculación co centro ou ao deixar de cumprir os requisitos demandados ao sector polo cal foi elixido.

De renunciar algún/algunha dos/as representantes ao seu posto, este terá que ocupalo ata o final do período o/a seu/súa suplente, que será, sucesivamente, o/a que obteña máis votos nas eleccións correspondentes sen chegar a acadar representación. No caso de non haber suplente nun sector determinado, a vacante manterase ata a celebración de novas eleccións.

## CAPÍTULO IV. DAS COMPETENCIAS DA XUNTA DE FACULTADE

### Artigo 5

Son competencias da Xunta de Facultade:

1. Elixir o/a decano/a, e no seu caso, revogalo/a, segundo o procedemento establecido no Artigo 98 dos Estatutos da Universidade.
2. Elaborar e aprobar o Regulamento de Réxime Interno do centro, así como os procedementos para a súa reforma
3. Aprobar as liñas xerais da política académica do centro e, entre elas, a proposta e implantación de novas titulacións oficiais, de creación de escolas de especialización profesional dependentes do centro e de organización das ensinanzas conducentes á obtención doutros diplomas e títulos.
4. Supervisar a xestión dos distintos órganos de goberno e administración do centro.
5. Elaborar e aprobar os proxectos de plans de estudos das titulacións adscritas ao centro, consonte a lexislación vixente e as normas xerais emanadas do Claustro Universitario.
6. Crear e elixir comisións, segundo o previsto neste Regulamento, de acordo co artigo 96 dos Estatutos da USC.
7. Debater e aprobar, para cada exercicio económico, a asignación dos recursos da Facultade entre os diferentes servizos e actividades. Debater e aprobar, no seu caso, a rendición de contas que lle presentará o/a decano/a dentro dos seis meses seguintes ao remate de cada exercicio económico.
8. Programar os espazos, servizos e equipamentos do centro e supervisar a súa xestión de acordo co establecido no Regulamento de xestión e uso de espazos da Universidade.
9. Distribuír as asignacións orzamentarias concedidas ao centro e controlar a súa aplicación.
10. Informar verbo das propostas de creación, modificación ou supresión de departamentos relacionados co centro pola súa docencia e investigación.
11. Organizar actividades de formación permanente e de extensión.
12. Aprobar o Regulamento e o Consello da Revista Sémata. A dirección da revista dará conta á Xunta de Facultade do número ordinario publicado no ano e as perspectivas para os seguintes.
13. Manifestar a súa opinión verbo de calquera asunto relacionado coas súas competencias.
14. Calquera outra competencia que lle atribúan os Estatutos da USC ou lle encomende un órgano competente ou a lexislación vixente.

## CAPÍTULO V. DA CONVOCATORIA, CONSTITUCIÓN E FUNCIONAMENTO DA XUNTA DE FACULTADE

### Artigo 6

O pleno da Xunta de Facultade convocarao o/a decano/a (ou, na súa ausencia, un/unha vicedecano/a) con carácter ordinario, ao menos unha vez por trimestre.

### Artigo 7

Para que a convocatoria teña efecto, deberase poñer en coñecemento de todos os membros da Xunta de Facultade, mediante notificación electrónica na que se fará constar a orde do día e, asemade, o día, hora e lugar de reunión. A convocatoria deberá notificarse por correo electrónico ao enderezo institucional de cada membro da Xunta.

### Artigo 8

As notificacións terán que ser entregadas cando menos con sete días naturais de antelación,

agás as das Xuntas extraordinarias, que se convocarán cunha antelación mínima de dous días. Salvo casos de extrema necesidade, a documentación relativa a cada Xunta ordinaria deberá distribuírse completa con cando menos tres días naturais de antelación.

#### Artigo 9

A Xunta de Facultade ten que se reunir nas dependencias da Facultade, en días hábiles e en período lectivo, agás as Xuntas extraordinarias que se poderán celebrar en período non lectivo.

#### Artigo 10

1. A Xunta de Facultade reunirse con carácter extraordinario:

- a) A iniciativa do/a decano/a.
- b) Por pedimento de:
  1. A Comisión de Docencia e Calidade.
  2. Un cuarto dos membros da Xunta de Facultade.

2. Nos supostos contemplados no punto b), o pedimento deberá ir acompañado dunha xustificación da súa convocatoria e, eventualmente, dun borrador das propostas que se deberán debater.

#### Artigo 11

A orde do día da Xunta ordinaria será elaborada polo/a decano/a, asistido/a polo/a secretario/a e mais o/a vicedecano/a ou vicedecanos/as. Nela figurarán inescusablemente as mencións de aprobación das actas das sesións anteriores, os asuntos de trámite, e os rogos e preguntas. Tamén se deberán incluír dentro da orde do día aqueles puntos que estime a Comisión de Docencia e Calidade ou aqueles outros que solicite por escrito unha quinta parte dos membros da Xunta.

#### Artigo 12

A Xunta de Facultade constituirase validamente en primeira convocatoria coa presenza do/da decano/a e do/da secretario/a, ou de quen legalmente os/as substitúa, e a metade dos seus membros. En segunda convocatoria poderán constituírse coa presenza do/a decano/a, do/a secretario/a e un cuarto dos seus membros no lugar onde se convocou a Xunta.

#### Artigo 13

A Xunta de Facultade estará presidida polo/a decano/a, ou quen faga as súas funcións, asistido/a polo/a secretario/a, e o/a vicedecano/a ou vicedecanos/as.

#### Artigo 14

O/a decano/a dirixe, modera e ordena o desenvolvemento dos debates. Tamén poderá propoñer á consideración da Xunta a alteración da discusión dos puntos da orde do día ou, por razóns de especial urxencia, a incorporación dalgún punto novo, para o que deben estar presentes todos os membros da Xunta de Facultade e acorden por maioría a súa inclusión.

## Artigo 15

1. As decisións da Xunta adoptarán a forma de acordos, en materias da súa competencia.
2. As decisións pódense tomar por asentimento ou por votación. As votacións serán públicas e con carácter excepcional secretas cando afecten persoas concretas e o solicite calquera dos/as asistentes.

## Artigo 16

Non se admitirá a delegación de voto nin en membros da Xunta nin en persoas alleas.

## Artigo 17

En caso de votación, os acordos adoptaranse polo maior número de votos a favor dunha determinada proposta, salvo o disposto neste Regulamento para a moción de censura e a reforma do propio Regulamento, e demais normativa de aplicación que estableza outra maioría. En caso de empate, decidirá o voto de calidade do/a decano/a, ou de quen legalmente o/a substitúa na presidencia da Xunta de Facultade.

## Artigo 18

1. O/a secretario/a da Xunta, que será o/a secretario/a da Facultade, levantará acta de todas as sesións. No suposto de ausencia accidental do/a secretario/a, será substituído por un/unha vicedecano/a designado/a polo/a decano/a ou polo/a docente que reúna os requisitos para ser secretario/a.
2. En cada acta figurarán inescusablemente as seguintes mencións:
  - a) Membros da Xunta de Facultade nominalmente designados que asistiron á sesión, salientando as ausencias xustificadas.
  - b) Orde do día.
  - c) Acordos e recomendacións.
3. Na acta téñense que incluír as circunstancias de tempo e lugar nas que se celebre a Xunta, os puntos principais das deliberacións, un resumo dos debates coas diferentes posicións e os textos literais dos acordos. Calquera membro ten dereito a solicitar a transcripción íntegra da súa intervención ou proposta, sempre que achegue no acto ou nos dous días seguintes o texto que corresponda fielmente á súa intervención, de xeito que se fará constar así na acta ou uniráselle unha copia.
4. Cada acta será asinada polo/a secretario/a ou quen fíxese as súas funcións, co visto e prace do/a decano/a ou do/a presidente/a efectivo/a da sesión que se reflecta.

## Artigo 19

1. Na Facultade existirá un libro de actas. As actas deberán recollerse en documentos electrónicos e deberán archivarase seguindo as instrucións ditadas pola Secretaria Xeral. O/A secretario/a recompilará anualmente todas as actas das sesións do órgano colexiado, entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro. As actas redactaranse en soporte electrónico, reproduciranse coas sinaturas, dilixencias e contidos legais e encadernaranse para a súa conservación e arquivo coa periodicidade que se determine.
2. O libro de actas estará baixo a custodia do/a secretario/a do centro, que permitirá a súa consulta a calquera membro da Xunta de Facultade.
3. Soamente darán fe dos acordos da Xunta as certificacións expedidas polo/a seu/súa secretario/a. Os membros da Xunta de Facultade teñen dereito a solicitar certificacións dos acordos aprobados.

## Artigo 20

A asistencia ás reunións da Xunta de Facultade constitúe un dereito e un deber dos seus membros e débense prever as medidas que favorezan esta asistencia.

## Artigo 21

Excepcionalmente, poderán asistir con voz e sen voto aquelas persoas que se determine invitar.

## CAPÍTULO VI. DA ELECCIÓN DO/A DECANO/A

### Artigo 22

A elección do/a decano/a axustarase ao establecido no Regulamento Electoral da USC. Cumpridos os procedementos e prazos establecidos, convocarase unha sesión extraordinaria do Pleno da Xunta de Facultade que terá como único punto da orde do día a elección a decano/a.

### Artigo 23

Os/as candidatos/as disporán dun máximo de 30 minutos para expoñer os seus programas.

### Artigo 24

Realizada a exposición polos/as candidatos/as, e logo do debate, procederase á votación de todos os membros da Xunta. A votación realizarase na propia sesión da Xunta de Facultade no horario fixado coa antelación preceptiva.

### Artigo 25

Rematada a votación, procederase ao escrutinio e será proclamado/a electo/a quen obtiver a maioría absoluta do sufraxio.

### Artigo 26

Se ningún dos/as candidatos/as obtivese a maioría absoluta, procederase a unha segunda votación. Resultará elixido/a quen obtiver a maioría de votos.

### Artigo 27

De producirse empate entre dous/dúas ou máis candidatos/as, procederíase a unha nova votación no prazo máximo de tres días. De permanecer o empate, será decano/a electo/a o/a candidato/a con maior antigüidade nos corpos docentes universitarios, segundo establecen os Estatutos da Universidade.

### Artigo 28

No caso de que houbese unha única candidatura, realizarase unha soa votación e o/a candidato/a resultará elixido se obtén cando menos o 25% dos votos emitidos.

### Artigo 29

De non se poder levar a cabo a elección por falta de persoas candidatas que reúnan os requisitos exixidos, o Consello de Goberno, tras a proposta do/a reitor/a, encargarlle provisoriamente as funcións de decano/a a un/unha profesor/a con vinculación permanente á Universidade censado/a no centro. Rematado o curso académico, convocaranse novas eleccións.

#### Artigo 30

O/a decano/a cesará nas súas funcións ao remate do seu mandato, a pedimento propio ou como consecuencia dunha moción de censura, segundo queda establecido neste Regulamento.

### CAPÍTULO VII. DA REVOGACIÓN DO/A DECANO/A

#### Artigo 31

A moción de censura, para poder ser tramitada, deberá ir asinada por un terzo dos membros da Xunta e incluír o nome do/a que se propoña como candidato/a ao decanato, quen terá que presentar un programa alternativo. De ser aprobada pola maioría absoluta dos membros da Xunta, será proclamado/a decano/a electo/a o/a que figuraba proposto/a na moción de censura, polo período de mandato que lle reste ao/a candidato/a revogado/a.

#### Artigo 32

Se a moción de censura non acadase os votos necesarios, considérase rexeitada, e os/as seus/súas asinantes non poderán presentar outra durante o mesmo período de mandato.

### CAPÍTULO VIII COMPETENCIAS DO/A DECANO/A

#### Artigo 33

Son competencias do/a decano/a:

1. A representación da Facultade.
2. A presidencia das reunións da Xunta de Facultade e de calquera outro órgano colexiado dela, así como a execución dos seus acordos.
3. A vixilancia do cumprimento da legalidade en todas as actuacións da Facultade.
4. A dirección académica de todas as titulacións oficiais adscritas ao centro.
5. A dirección económica das actividades organizadas polo centro.
6. A proposta ao/á reitor/a do nomeamento e cesamento do/a secretario/a da Facultade e, de ser o caso, dos/as vicedecanos/as, dentro do límite que sinala o Consello de Goberno.
7. A proposta ao/á reitor/a do nomeamento e cesamento dos/das coordinadores/as das titulacións oficiais da facultade, previa consulta coas direccións dos departamentos e coas comisións dos títulos do centro e tras aprobación en Xunta de Facultade.
8. A vixilancia do respecto dos dereitos e do cumprimento dos deberes de todos os membros da comunidade universitaria que desenvolven o seu labor no centro.
9. O control do cumprimento das obrigas docentes e discentes.
10. O control do adecuado mantemento do patrimonio do centro.
11. O exercicio das restantes funcións que deriven do seu cargo, así como aquelas outras que lle sinalen os Estatutos da USC ou a lexislación universitaria.



As competencias do/a decano/a estenderanse a todos os asuntos concernentes ao goberno e á administración da facultade que non estean atribuídos a outros órganos.

## CAPÍTULO IX O/A SECRETARIO/A

### Artigo 34

1. O/a secretario/a da Facultade é quen dá fe dos actos e acordos dos órganos de goberno, representación e administración do centro e, como tal, ten encomendada a custodia das actas e a expedición das certificacións dos acordos e de todos os actos ou feitos que consten nos documentos oficiais do centro. Ademais, exercerá aquelas outras funcións que lle encomenden o/a decano/a, a lexislación vixente e os Estatutos da USC.
2. O/a secretario/a será nomeado/a polo/a reitor/a, segundo a proposta do decano/a, de entre os/as profesores/as ou funcionarios/as dos subgrupos A1 e A2 censados/as no centro.
3. O/a secretario cesará por decisión do/a reitor/a, tras a proposta do/a decano/a ou por petición propia.

## CAPÍTULO X OS/AS VICEDECANOS/AS

### Artigo 35

1. Os/as vicedecanos/as serán nomeados polo/a reitor/a, por proposta do/a decano/a, de entre os membros da comunidade universitaria da Facultade que reúnan os requisitos establecidos no artigo 71 dos Estatutos da USC.
2. É labor dos/as vicedecanos/as coordinaren ou dirixiren, baixo a autoridade do decano/a, a área ou áreas de competencias que este lles encomende, sen prexuízo de que as funcións técnico-administrativas correspondan ao persoal de administración e servizos. De existiren varios vicedecanos/as, o/a decano/a designará quen ten que substituílo, en caso de ausencia ou enfermidade.
3. Os/as vicedecanos/as cesarán no seu cargo por decisión do/a reitor/a, logo da proposta do/a decano/a, ou por petición propia.

## CAPÍTULO XI DAS COMISIÓNS DELEGADAS DA XUNTA DE FACULTADE

### Artigo 36. Natureza e funcións

1. As comisións actuarán como órganos de asesoramento técnico por delegación da Xunta de Facultade.
2. As comisións terán como misión informar e asesorar sobre todos aqueles asuntos que este Regulamento ou os órganos de goberno da Facultade competentes lles encomenden.

### Artigo 37

1. Cada comisión terá a súa estrutura e réxime de composición e funcionamento. Todas elas estarán presididas polo/a decano/a ou membro da Xunta de Facultade en quen delegue.
2. Os membros das comisións delegadas deben ser membros da Xunta de Facultade.
3. Os membros das comisións delegadas que non o sexan por razón do seu cargo, serán elixidos no Pleno da Xunta de Facultade, por sectores, en listas abertas, entre os/as

candidatos/as presentados/as.

4. Para a elaboración dos seus informes poderán chamar a consulta aos/ás responsables dos distintos órganos e servizos da Facultade, ou a calquera integrante do centro relacionado coas cuestións en estudo pola comisión, ou a quen se considere que pode achegar información ao respecto.

5. As comisións renovaranse cando haxa renovación da Xunta de Facultade. No caso de sectores que teñen convocatorias de eleccións reguladas, a renovación farase de acordo coa normativa pertinente.

#### Artigo 38

1. Cada comisión será convocada polo seu presidente. A convocatoria deberá notificarse por correo electrónico a cada un dos membros da comisión cunha antelación mínima de dous días hábiles, agás nos casos de urxencia, que será notificada cun día de anticipación.

2. As comisións constituiranse en primeira convocatoria coa presenza da maioría dos seus membros e, en segunda convocatoria, coa asistencia dun terzo deles.

Artigo 39. Son comisións ordinarias delegadas da Xunta de Facultade as seguintes:

- a) Comisión Académica e de Validacións.
- b) Comisión Económica e de Patrimonio.
- c) Comisión de Prácticas Externas en Empresas.
- d) Comisión de Biblioteca.

#### Artigo 40. Comisión Académica e de Validacións

Está formada por o/a vicedecano/a de asuntos académicos, un/unha profesor/a por departamento con vinculación permanente á Universidade, un membro do resto do persoal docente e investigador e do persoal investigador en formación, dous estudantes e o/a responsable da Unidade de Apoio a Centros e Departamentos.

#### Artigo 41

A Comisión Académica e de Validacións asesorará a Xunta de Facultade nos seguintes cometidos:

1. Informar as solicitudes de adaptación e validación de estudos.
2. Informar, e no seu caso aprobar, as solicitudes de dispensa.
3. Asistir o/a decano/a no procedemento de revisión de cualificacións que os/as estudantes que se consideren inxustamente avaliados/as poidan presentar.
4. Asesorar o/a decano/a en todos aqueles conflitos de carácter docente non resoltos no marco dos departamentos.

#### Artigo 42. Comisión Económica e de Patrimonio

Está composta polo/a vicedecano/a de asuntos económicos, catro membros do profesorado con vinculación permanente á Universidade, un membro do resto do persoal docente e investigador e do persoal investigador en formación, dous estudantes e un membro do PAS.

#### Artigo 43

A Comisión Económica e do Patrimonio elaborará a proposta anual de gastos, que deberá ser aprobada pola Xunta de Facultade e estudará e propondrá as medidas relativas á conservación e mellora do patrimonio e dos servizos xerais desta Facultade.

#### Artigo 44. Comisión de Prácticas Externas

Está formada polo/a decano/a ou persoa en quen delegue, un/unha coordinador/a de prácticas por cada un dos títulos que se imparten no centro, elixido/a dentro do PDI da titulación correspondente, un membro do resto do persoal docente e investigador e do persoal investigador en formación, un estudante e un membro do PAS.

#### Artigo 45.

A Comisión de Prácticas Externas en Empresas terá os cometidos que seguen:

1. Proporlle á Xunta de Facultade o calendario anual das PAE.
2. Solicitar anualmente ás institucións colaboradoras prazas para o alumnado dos distintos graos e mestrados, atendendo ao perfil da institución e ao calendario das PAE.
3. Promover a sinatura de novos convenios con institucións.
4. Servir de canle para o desenvolvemento coordinado das PAE dos distintos graos e mestrados.
5. Coordinar a elaboración dos programas das PAE xunto co profesorado con docencia nos graos e mestrados.
6. Facer o seguimento xeral das PAE.
7. Resolver os conflitos que puidesen xurdir no transcurso da realización das PAE.
8. Os coordinadores de prácticas serán os encargados de introducir na plataforma informática as cualificacións dos estudantes.

#### Artigo 46. Comisión de Biblioteca

Está composta segundo o establecido no Regulamento de Biblioteca. Os seus membros elixíranse entre os integrantes da Xunta da Facultade e deben incluír expertos en patrimonio.

#### Artigo 47.

A Comisión de Biblioteca encargárase de supervisar a xestión desta e apoiará o seu desenvolvemento en todas aquelas cuestións disciplinares que fosen precisas. Asemade, en caso de ser solicitado pola Xunta de Facultade, emitirá un informe sobre a súa xestión unha vez ao ano.

## CAPÍTULO XII DAS COMISIÓNS NON DELEGADAS DA XUNTA DE FACULTADE

#### Artigo 48. Natureza e funcións

A Facultade conta con outras comisións, non delegadas da Xunta de Facultade, que están previstas en diferentes normas da Universidade de Santiago de Compostela para o desenvolvemento das funcións que estas lles encomenden.

#### Artigo 49.

Dado o seu carácter non delegado, os membros destas comisións que non o sexan por razón do seu cargo non terán que ser necesariamente membros da Xunta de Facultade. Os/As representantes do Persoal Docente e Investigador serán propostos/as polos respectivos Consellos de Departamento. No caso do Persoal de Administración e Servizos, serán elixidos/as ou propostos/as polo seu sector, mentres que a representación do sector do estudantado estará determinada pola elección ou proposta da delegación de estudantes do centro.

#### Artigo 50.

Cada unha das comisións non delegadas da Xunta de Facultade terá estrutura de seu, así como composición e funcionamento propios, regulados nas normas da Universidade de Santiago de Compostela que as conteñen.

Artigo 51. Son comisións non delegadas da Xunta de Facultade as seguintes:

- a) Comisión de Docencia e Calidade.
- b) Comisións de títulos (grao ou mestrado).
- c) Comisión de Actividades Culturais, Igualdade, Normalización Lingüística e Participación Estudiantil.

#### Artigo 52. Comisión de Docencia e Calidade

1. Está formada polo equipo decanal, o/a responsable de calidade do centro (RCC), os/as directores/as de departamento, os/as coordinadores/as de grao e mestrado, un/unha representante dos/as docentes da Facultade en mestrados intercentros no caso de non ser un profesor/a deles o seu/a súa coordinador/a, o/a xestor/a académico/a, tres estudantes. O/a secretario/a da facultade o será tamén da Comisión.
2. Reunirase ao menos catro veces por curso académico, levantará acta de cada unha das sesións e fará públicas as análises e as decisións tomadas no seu seo.

#### Artigo 53

As funcións principais da Comisión de Docencia e Calidade son as seguintes:

1. Efectuar a coordinación da docencia de todas as titulacións do centro.
2. Realizar o deseño, a implantación, o seguimento e mellora do SGC no Centro.
3. Elaborar a memoria de calidade do centro, que englobará distintos informes e memorias:
  - a) Proposta do plan de melloras do centro para o curso seguinte, que recollerá as propostas de mellora dos títulos derivadas dos seus informes de seguimento.
  - b) Informe do seguimento da implantación do SGC e as súas propostas de mellora.
  - c) Informes de seguimento dos títulos.
4. A Xunta de Facultade pode solicitar á Comisión de Docencia e Calidade que se pronuncie e informe sobre calquera asunto que teña a ben someter á súa consideración.
5. O/ a decano/a pode solicitar á Comisión de Docencia e Calidade que se pronuncie sobre calquera asunto que teña a ben someter á súa consideración.
6. A Comisión de Docencia e Calidade poderá propor á Xunta de Facultade a aprobación de acordos no ámbito do xénero, académico, económico e de programación da Facultade.

Artigo 54. Comisións de títulos (grao ou mestrado) con competencias en calidade.

Estarán constituídas por:

1. O/a responsable do centro ou persoa en que delegue, que a presidirá.
2. Un/unha coordinador/a, que será PDI do título.
3. Un/unha secretario/a, que será escollido/a entre os membros da comisión.
4. O/a responsable de calidade do centro (RCC).
5. Un mínimo de catro e un máximo de doce membros do PDI. No caso dos graos, estes membros serán os/as coordinadores/as dos cursos elixidos entre o profesorado con tarefas docentes nun curso determinado.
6. Cando o título se imparta en distintos centros, e a Facultade de Xeografía e Historia sexa o único que figura na memoria verificada, deberá formar parte da comisión

cadanseu/cadansúa representante dos demais centros nos que se imparta o título.

7. O/a responsable de apoio á xestión de centros e departamentos do centro.

8. Un mínimo dun/dunha estudante do título.

Poderán participar (con voz pero sen voto) na comisión, cando así o demande a natureza do asunto a tratar, profesorado externo, egresados/as, profesionais ou representantes de colexios ou sociedades profesionais.

## Artigo 55

Serán funcións destas comisións:

1. Formular a proposta de oferta de prazas e criterios de admisión, de acordo coa memoria do título, para a súa aprobación pola Xunta de centro e posterior aprobación polo Consello de Goberno visto o informe emitido pola Xunta de centro.

2. Formular a proposta de programación docente anual (PDA) e a asignación de docencia das materias do título a áreas de coñecemento, previa consulta aos departamentos participantes, para a súa aprobación pola Xunta de centro e posterior aprobación pola vicerreitoría con competencias na materia. Unha vez comunicada por parte do centro a aprobación do PDA aos departamentos que interveñen na docencia do título, estes asignarán o profesorado ás materias do título de acordo coa normativa vixente e a cualificación docente e investigadora do PDI.

3. Aprobar as propostas de colaboración docente do persoal externo á USC, para a súa tramitación pola vicerreitoría competente, indicando os custos e recursos cos que conta para a súa participación.

4. Analizar a guía docente (programación) de cada materia previamente aprobada polo departamento que ten asignada a encarga docente, para supervisar que o programa e demais partes da programación anual de cada materia se adaptan á memoria verificada do título (MVT) vixente e dar traslado do seu informe á Xunta do centro para a súa aprobación.

5. Asesorar, se así se lle solicita, sobre o recoñecemento de competencias do alumnado matriculado no título.

6. Para os títulos de mestrado, determinar os complementos formativos que deban realizar os/as estudantes matriculados/as en función do seu perfil de acceso, sempre que así se determine na memoria do programa de estudos.

7. Formular a proposta do plan de melloras do título para o curso seguinte, que recollerá as propostas de mellora do título derivadas dos seus informes de seguimento.

8. Elaborar o informe do seguimento da implantación do SGC e as súas propostas de mellora.

9. Elaborar os informes de seguimento dos títulos.

10. Tramitar propostas de modificación do título consonte o establecido no regulamento das titulacións oficiais de grao e mestrado na USC e a normativa en vigor.

11. Todas aquelas outras funcións de tipo académico necesarias para o correcto desenvolvemento do programa e que non fosen encargadas a ningún outro órgano.

## Artigo 56

1. Os títulos interuniversitarios nos que participe a USC que contemplan a figura dun coordinador xeral ou interuniversitario tamén serán unha persoa coordinadora de título na USC, que será elixida igual que no caso dos títulos exclusivos da USC e exercerá as mesmas funcións, ademais das propias que estableza o convenio ou que deriven do seu carácter interuniversitario.

2. Cando a USC sexa a coordinadora do título interuniversitario con sede na Facultade de Xeografía e Historia, as funcións de ambos os cargos (coordinador/a xeral do título e

coordinador/a local da USC), de existiren, deberán estar ben definidas e diferenciadas no convenio interuniversitario. A efectos de ordenamento interno da Facultade, estes coordinadores/as terán as mesmas funcións que calquera outro/a coordinador de título do centro, ademais das propias que estableza o convenio ou que deriven do seu carácter interuniversitario.

#### Artigo 57

1. A renovación da comisión do título efectuarase cada catro anos, ao igual que a do/a coordinador/a. A duración máxima no posto de coordinador/a será de oito anos consecutivos. Estas renovacións realizaranse como norma á metade dun mandato decanal ordinario para facilitar a continuidade da xestión da actividade académica.

No caso de circunstancias extraordinarias que o impidan, o decano/a propondrá un calendario de renovación destas comisións que será aprobado pola Xunta de Facultade. Para o caso do estudantado, a súa renovación farase consonte a duración dos seus estudos en tanto manteñan tal condición na titulación. Nos títulos interuniversitarios procederase consonte o que determine o convenio.

#### Artigo 58. Comisión de Actividades Culturais, Igualdade, Normalización Lingüística e Participación Estudiantil

Está formada polo/a decano/a ou a persoa en quen delegue, entre dous e catro membros do PDI, un membro do PAS e tres estudantes. Ademais, se poderán incorporar os/as asesores/as con voz pero sen voto que se estime oportuno previa notificación á Xunta de Facultade.

#### Artigo 59

As súas competencias son:

1. Buscar as formas de completar os títulos impartidos na Facultade promovendo a difusión de coñecementos, as prácticas de transferencia e os usos sociais tendentes a mellorar as experiencias dos estudantes.
2. Velar pola proposta e actualización constante de materias extracurriculares.
3. Potenciar a creación de grupos de normalización lingüística no ámbito da Facultade e coordinar o conxunto das actividades de normalización.
4. Coordinar as actividades culturais desenvolvidas na Facultade e buscar a forma de integralas no tecido social da cidade. Coordinarase coa Comisión de Cultura da USC no que respecta aos usos do Paraninfo.
5. Potenciar a creación de grupos culturais, deportivos, etc. no ámbito da Facultade.
6. Procurar vías alternativas de financiamento para o conxunto das súas actividades.

### CAPÍTULO XIII COMISIÓNS EXTRAORDINARIAS DA XUNTA DE FACULTADE

#### Artigo 60. Das comisións extraordinarias

1. A Xunta de Facultade poderá arbitrar a constitución de comisións extraordinarias para elaborar informes ou presentar propostas referidas a asuntos concretos.
2. As comisións extraordinarias poden ter a condición de delegadas ou non delegadas da Xunta de Facultade.

#### Artigo 61.

A condición, composición, competencias e duración das devanditas comisións serán determinadas en cada caso pola Xunta de Facultade. O funcionamento interno será determinado pola propia comisión de acordo co Regulamento de Réxime Interno do centro.

#### Artigo 62

Os informes e propostas das comisións extraordinarias serán dirixidos á Xunta de Facultade para o seu debate e resolución.

### CAPÍTULO XIV. DA REFORMA DO REGULAMENTO

#### Artigo 63

A iniciativa para reformar este Regulamento pode partir do decano, ou da proposta asinada por un cuarto dos membros da Xunta de Facultade.

#### Artigo 64

1. As propostas de modificación do Regulamento deberán estar debidamente motivadas e articuladas. Recibida a proposta, abrírase un prazo de dez días para a presentación de emendas.
2. A proposta de reforma xunto coas emendas debateranse en Xunta de Facultade.
3. Para que a reforma sexa adoptada será preciso que reciba o voto favorable da maioría absoluta da Xunta de Facultade en primeira instancia e da maioría dos presentes en segunda instancia. Logo deberá ser ratificada polo Consello de Goberno da Universidade de Santiago de Compostela. De non ser así, a proposta de reforma considerarase rexeitada, e non poderá propoñerse outra reforma idéntica ata transcorrido un prazo de dous anos.

### DISPOSICIÓNS ADICIONAIS

#### Primeira

O presente Regulamento debe ser integrado e interpretado no marco do disposto nos Estatutos da Universidade de Santiago de Compostela e das normas legais e regulamentarias sobre ensino universitario.

#### Segunda

Para o que non estea previsto no presente Regulamento nin nos Estatutos da Universidade de Santiago de Compostela, aplicarase o que dispón a Lei 40/2015 de réxime xurídico do sector público e a Lei 39/2015 do procedemento administrativo común e demais normativa de aplicación na universidade.

### DISPOSICIÓN FINAL

O presente Regulamento entrará en vigor coa súa publicación no taboleiro de anuncios electrónico da Universidade de Santiago de Compostela, logo da súa ratificación polo Consello de Goberno da USC.

## Sinaturas dixitais / Firmas digitais / Digital signatures

**Asinante/Firmante/Signer:** ANTONIO LOPEZ DIAZ, REITOR, UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, 01/02/2023 19:28:15.

**Asinante/Firmante/Signer:** DULCE MARIA GARCIA MELLA, SECRETARIA XERAL, UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, 01/02/2023 18:31:57.

**CSV:** ADDA-48B7-4ABA-9A08